



XIV RUTA DAS TAPAS – NOVEMBRO 2023

santacombadetapaentapa2023

BASES

A Asociación de Empresarios de Santa Comba con C.I.F.: G15551104 sita na Rúa Pontevedra, 9, entrechán, de Santa Comba, cos seguintes contactos 981818604 e 633181817 (09:30 a 15:00 h.), organiza a XIV Ruta das Tapas 2023 coa finalidade de promover o sector da hostalería local.

- Poderán participar tódolos establecementos de hostalería locais.
- **Horario e días de degustación das tapas**
De venres a domingo durante dúas fins de semana, os días 17-18-19 e 24-25-26.
Venres, Sábado e domingo de 12:00 a 15:00h. e de 19:00 a 23:00h.
(Do 17 ao 26 de novembro).
- Os locais participantes deberán entregar vía WhatsApp a fotografía e nome da tapa antes do luns 23 de outubro. (contacto 633181817).
- A entidade organizadora (Asociación de Empresarios de Santa Comba) entregará a cada local participante un cartel identificativo, unha urna e pasaportes.
- Promocionarase esta edición da Ruta das Tapas con cuñas de radio, banner dixital, redes sociais e web da entidade.
- **Premios aos mellores tapeadores.**
Os pasaportes cubertos con tódolos selos dos locais participantes e depositados nas urnas, entrarán no sorteo dos seguintes premios:
Vale de 100€ no local que acade o 1º premio.
Vale de 75€ no local que acade o 2º premio.
Vale de 50€ no local que acade o 3º premio.
- **Sistema de Valoración das tapas:**
De tódolos pasaportes completos, os tapeadores escollerán por medio das súas puntuacións as 3 mellores tapas, dando lugar aos 3 premiados.
- **Premios aos locais participantes:**
Tódolos locais recibirán un diploma acreditativo pola súa participación na XIV edición da Ruta das Tapas e os gañadores recibirán ademáis un trofeo.
- Por concretar a data e lugar da entrega e sorteo dos premios.
- Cada local de hostalería participante supón a aceptación das bases.

PREZO DA TAPA 2,00€
1 TAPA POR CONSUMICIÓN

Presidente
Diego Vilas Boga

Santa Comba, 13 de outubro de 2023.